

*Das tebras amañece Montemor, o do castelo. A torre perfila a silueta contra o ceo que palidece. Os campos descansan dormidos baixo o señorío. Sae unha voz polas fiestras, e bate contra os muros fortes que os mouros levantaron. Pero non treme a fortaleza; non treme, non, que homes aguerridos levantaron as súas pedras. Dispónse a paisaxe a vivir baixo a luz dun día novo que non é máis outro día. Pecha o castelo a escuridade das noites de malos sonhos e peores intencións, cando as palabras emerxen paseniña, paseniñamente ..., en Montemor.*

*... Desde lonxe érguese... ¡érguese a voz ...! ... ¡érguese e xa resoa! ... ¡Inés , a das prendas ...! Inés ... ¡ a das mans de cera...! ... escoita, dama, escoita..., que desde o norte, novas, en murmurios, chegan...*

*“Inés ... Inés ..., de viaxe xa saiu quen o trigo esmaga ... Inés ... que negros son os cabalos, fuxe do cabaleiro que os camiños anda ..., Inés ..., que por ti danzan sete astros contra a salamanca ..., Inés muller de colo de garza ... ¡ non deixes que vire vermella a túa cabeleira dourada...!”*

*Pero xa as murallas os cabaleiros cruzan, e dentro murallas a voz forte vela ...; enfilan os cabalos as rúas estreitas; van baixando, baixando, desde a fortaleza... cara as corredoiras e cara as aldeas. O labirinto de ruelas deixa paso aos campos, que a Coimbra cercan.*

*“... Inés ..., ¡atende! ... ¡ai da bela!..., acorda ..., meniña ..., ¿ non ves que cabalos negros ata a cidade tres cabaleiros levan ...?? Que as pínegas collen forza, ao contacto coa terra ...”*

*Montemor-o-Velho – do castelo fachendoso- tira coa preguiza con que a cor do sono aos muros tingué. As tebras desfíanse e ceden paso a unha luz que non é luz, porque é brétema. Na aldea, a vixilia é lagarta sedenta nas herbas. E a terra, que sente pura pena, enmolece o manto, para abrigar unha carne tenra.*